

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do
ITINERARIO FORMATIVO
virtual de xénero (7.^a edición)

ÍNDICE

1. Introducción

2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero

- a. Sexo das persoas participantes
- b. Vinculación coa universidade

3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario

- a. Duración das actividades formativas
- b. Avaliación da utilidade da actividade
- c. Grao en que cumpriu as expectativas

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi

- a. Valoración da estrutura do MOOC
- b. Valoración da Plataforma Moovi.

5. Cualificación xeral do itinerario

6. Conclusións finais e respostas abertas

1. Introducción

O Itinerario Formativo Virtual en Xénero é xa unha acción consolidada e de calidade que ofrece formación con perspectiva de xénero en diferentes ámbitos do coñecemento. Os cursos que o compoñen están deseñados e impartidos por profesionais con experiencia e formación especializada en xénero. Esta proposta está impulsada e organizada pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo co apoio financeiro da Secretaría Xeral de Igualdade, a través dos fondos do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

A sétima edición do Itinerario Formativo Virtual en Xénero desenvolveuse entre o 28 de setembro e o 28 de novembro do 2022 cunha oferta de 19 cursos dispoñibles en formato virtual. O Itinerario ofreceuse como un recurso preferentemente para a comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Como na edición anterior, ofrecemos en acceso libre os [materiais](#) de todos os cursos excepto do último curso incorporado na 6ª edición Deconstruir o discurso prehistórico desde o feminismo. Este último vaise incluír nun volume posterior xunto cos novos cursos que se vaian engadindo ao itinerario en vindeiras edicións. Os contidos, recollidos en catro volumes, poden atoparse en formato físico nas bibliotecas da Universidade de Vigo.



A convocatoria difundíuse a través das [canles](#) da UVigo, en todos os perfís en redes sociais da Unidade de Igualdade e na [web](#) do itinerario

Os cursos completados recoñecéronse, como en edicións anteriores, cun certificado de aproveitamento polas horas previstas de formación (40 h o curso Introducción á perspectiva de xénero e 15 h o resto de formacións) e tamén cunha insignia dixital accesible para descargarse unha vez cuberta a enquisa final de avaliación, como un recurso para visibilizar e para valorar a formación en igualdade.

2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero

Segundo os datos recollidos a través da plataforma Moovi o número de **inscricións** foi de 1 845, lixeiramente máis baixa que na edición anterior, aínda que hai que ter en

conta que á diferenza da sexta edición, a sétima foi dirixida ao alumnado e persoal vinculado á Universidade de Vigo, non ao público xeral.

Ademais é importante sinalar, como nas anteriores edicións, as numerosas consultas de persoas alleas á comunidade universitaria que contactaron con nós para solicitar información sobre futuras convocatorias.

Nesta edición aumentouse a oferta a 120 prazas por curso, quedando algúns cursos completos con persoas en lista de agarda.

Repetiuse a tendencia, habitual nas formacións masivas en liña e nas anteriores edicións, de que non todas as persoas inscritas remataron as formación con éxito. Os datos, oscilan entre o 63,33 % e o 88,14 %. En total, **1 354 cursos** foron completados no prazo marcado. A porcentaxe de media do **73,39 %** foi superior á da [edición anterior](#) (68,79 %).

A continuación presentamos os datos, por curso, indicando o número de persoas inscritas, o número de cursos rematados e a porcentaxe de eficiencia terminal por cada MOOC e en total:


Cursos	Nº de matriculas	Nº de cursos	%
Introdución á perspectiva de xénero (7ª edición)	120	97	80,83
Normativa básica de xénero (6ª edición)	103	75	72,82
Educación afectivo-sexual (7ª edición)	120	82	68,33
Economía de xénero (7ª edición)	83	64	77,11
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible (7ª edición)	86	62	72,09
A comunicación e o xénero (5ª edición)	120	76	63,33
A perspectiva de xénero na educación (7ª edición)	120	90	75,00
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade (7ª edición)	77	53	68,83
O xénero e o sexo no século XXI (5ª edición)	96	66	68,75
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+i das TIC (4ª edición)	59	52	88,14
Mulleres e ciencia (4ª edición)	71	54	76,06
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación (4ª edición)	86	68	79,07
Pensar o amor no século XXI (4ª edición)	106	78	73,58
Políticas públicas de igualdade (4ª edición)	114	86	75,44
Novas masculinidades (4ª edición)	110	81	73,64
Pornografía (4ª edición)	105	83	79,05
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal (4ª edición)	94	69	73,40
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo (2ª edición)	102	66	64,71
Intelixencia artificial e xénero (3ª edición)	73	52	71,23
TOTAL	1.845	1.354	73,39

Esta información tamén nos permite observar o interese nas distintas temáticas ofertadas. Destaca, o curso introdutorio que recomendamos facer para aquelas persoas que non teñan formación previa en xénero, *Introdución á perspectiva de xénero e o que maior duración ten*, e os cursos: *Educación afectivo-sexual*, *A comunicación e o xénero* e *A perspectiva de xénero na educación*, cursos que completaron as 120 prazas e nas que houbo solicitudes de inscrición rexeitadas debido a que o número de prazas ofertadas xa estaba completo.

O **73,39 %** do total das solicitudes de inscrición completaron as formación, polo que consideramos que o Itinerario está a ser unha acción efectiva para responder ás necesidades formativas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

a. Sexo das persoas participantes

Segundo os datos extraídos das enquisas realizadas polo alumnado O **83,47 %** dos cursos rematados foron feitos por mulleres, o **16,25 %** por homes e o **0,28 %** por persoas que non se identifican con ningunha destas categorías.



Recollemos os datos desagregados das persoas que remataron as diferentes accións formativas.

Cursos	Mulleres	Homes	Outros
Introdución á perspectiva de xénero (7ª edición)	53	9	0
Normativa básica de xénero (6ª edición)	33	5	0
Educación afectivo-sexual (7ª edición)	49	5	1
Economía de xénero (7ª edición)	23	6	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible (7ª edición)	22	4	
A comunicación e o xénero (5ª edición)	39	7	
A perspectiva de xénero na educación (7ª edición)	38	7	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade (7ª edición)	18	6	
O xénero e o sexo no século XXI (5ª edición)	25	5	1
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC (4ª edición)	22	6	
Mulleres e ciencia (4ª edición)	28	6	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación (4ª edición)	28	8	
Pensar o amor no século XXI (4ª edición)	37	6	
Políticas públicas de igualdade (4ª edición)	35	8	
Novas masculinidades (4ª edición)	35	7	
Pornografía (4ª edición)	41	7	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal (4ª edición)	31	5	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo (2ª edición)	25	6	
Intelixencia artificial e xénero (3ª edición)	19	4	
TOTAL	601	117	2

É un feito habitual que a participación na formación en xénero e o interese por estas cuestións sexan maioritariamente femininos. Tendo en conta as esixencias cada vez maiores de formación en xénero - xa incorporada como un factor a considerar nos criterios de elixibilidade establecidos polo Horizonte Europa-, parécenos que esta posibilidade de iniciarse na formación con perspectiva de xénero, cun ritmo flexible e contidos variados é un recurso moi útil que debería ser atractivo para calquera persoa da comunidade universitaria e para mellorar as capacidades profesionais e avanzar cara

a excelencia. De feito a porcentaxe de homes que realizaron os cursos aumentou con respecto á edición anterior.


b. Vinculación coa universidade

Se analizamos a vinculación coa Universidade de Vigo, as persoas que indicaron outra vinculación foron a maioría, sendo o 51,25 % do total. Incluindo aquí exalumnado e persoas sen vinculación algunha coa Universidade, xa que aínda que a comunicación desta edición estaba orientada á comunidade universitaria, houbo inscricións de persoas sen vinculación.

O segundo grupo máis numeroso foi o do alumnado, o 30,28 % do total. Desta porcentaxe, o 80,24% son mulleres e só o 15,14 % homes.

En terceiro lugar, os PAS, que supuxeron un 14,86 % do total. Dese total un 29 % son homes, o colectivo onde teñen maior presenza, e o 71 % mulleres.

O grupo dos PDI representa só un 3,61 % do total, sendo as mulleres un 88,46 % do total e os homes un 15,54 % .



PDI	PAS	Alumnado	Outra vinculación
23 ♀	76 ♀	184 ♀	318 ♀
3 ♂	31 ♂	33 ♂	50 ♂
-	-	1 persoa	1 persoa
26	107	218	369

Na seguinte táboa pódense observar os datos de vinculación coa Universidade de Vigo desagregados por sexo de cada un dos cursos desta edición do Itinerario.

Cursos	PDI			PAS		
	Muller	Home	Outra categoría	Muller	Home	Outra categoría
Introdución á perspectiva de xénero	2			10	2	
Normativa básica de xénero	2			3	2	
Educación afectivo-sexual	1			8	1	
Economía de xénero	2			6	3	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	1			2	1	
A comunicación e o xénero	1	1		4	2	
A perspectiva de xénero na educación	2			4	2	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	1	1		3	2	
O xénero e o sexo no século XXI	1	1		2		
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC				1	3	
Mulleres e ciencia	2			5	2	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación	2			4	2	
Pensar o amor no século XXI	2			5	2	
Políticas públicas de igualdade	1			2	2	
Novas masculinidades	1			3	1	
Pornografía				3	1	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	1			5	1	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo				4	1	
Intelixencia artificial e xénero	1			2	1	
TOTAL	23	3	0	76	31	0

Cursos	Alumnado			Outra vinculación		
	Muller	Home	Outra categoría	Muller	Home	Outra categoría
Introdución á perspectiva de xénero	17	3		24	4	
Normativa básica de xénero	8			20	3	
Educación afectivo-sexual	15	2		25	2	1
Economía de xénero	6	1		9	2	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	6			13	3	
A comunicación e o xénero	9	1		22	2	
A perspectiva de xénero na educación	9	2		26	4	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	7	1		7	2	
O xénero e o sexo no século XXI	10	2	1	12	2	
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	8	1		13	2	
Mulleres e ciencia	8	2		13	2	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación	10	4		12	2	
Pensar o amor no século XXI	12	3		18	1	
Políticas públicas de igualdade	11	3		21	3	
Novas masculinidades	7	2		24	4	
Pornografía	15	3		23	3	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	9	1		16	3	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	10	1		11	4	
Intelixencia artificial e xénero	7	1		9	2	
TOTAL	184	33	1	318	50	1

3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario

A valoración do Itinerario por parte das persoas participantes foi recollida nunha enquisa final, que se solicitaba cumprimentar para poder descargar o kit dixital do selo distintivo [EU TEÑO FORMACIÓN EN IGUALDADE](#).



Neste cuestionario debían responder sobre diferentes aspectos da organización e xestión dos cursos como a duración, a utilidade, se a formación cumprira as súas expectativas iniciais, a súa impresión sobre o deseño do MOOC, o funcionamento da plataforma e, por último, a impresión xeral.

As respostas ían nunha escala de cinco categorías, entre moi ben e moi mal en cada un dos ítems. No cadro presentamos os resultados obtidos en cada unha destas categorías nas seis preguntas formuladas.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi mal
Duración da actividade	352	332	31	4	1
Utilidade do curso	400	283	26	7	4
Grao en que cumpriu as súas expectativas	379	279	45	11	6
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Paréceche correcta a súa estrutura?	427	264	17	9	3
O curso desenvolveuse na plataforma Moovi. Como a cualificarías?	447	262	8	1	2
En conxunto, como cualificarías o curso?	413	263	35	6	3

Como se pode observar os datos das valoracións son moi parellos xa que moitas das persoas realizaron varias accións formativas e as súas impresións vense replicadas nas enquisas de cada un dos cursos que completaron, salvo algún aspecto puntual.

a. Duración das actividades formativas

Moi ben	352	48,89 %
Ben	332	46,11 %
Regular	31	4,31 %
Mal	4	0,56 %
Moi mal	1	0,14 %

O 48,89 % indica que lle parece moi ben a duración dos cursos –lembramos que, a excepción do curso introdutorio de 40 h todas as accións teñen unha duración estimada e certificada de 15 h. Se xuntamos este dato ao 46,11 da porcentaxe das persoas que a cualificaron como ben suman un 95% de valoracións positivas, 684 das 720 puntuacións.

Así, os resultados avalan a duración do Itinerario tanto nas horas de realización previstas como no tempo en que está dispoñible o Itinerario.

b. Avaliación da utilidade da actividade

Moi ben	400	55,56 %
Ben	283	39,31 %
Regular	26	3,61 %
Mal	7	0,97 %
Moi mal	4	0,56 %

Na percepción da utilidade das diferentes accións formativas os resultados son aínda mellores. Neste caso 400 outórganlle o valor máis alto, é dicir, o 55,56 % das valoracións.

Este aspecto é moi significativo porque nos permite comprobar que se cumpre un dos obxectivos iniciais do Itinerario que era complementar a formación da comunidade universitaria e suplir os nesgos de xénero que aínda se perpetúan nos diferentes ámbitos de coñecemento.

c. Grao en que cumpriu as expectativas

Moi ben	379	52,64 %
Ben	279	38,75 %
Regular	45	6,25 %
Mal	11	1,53 %
Moi mal	6	0,83 %

Este é o aspecto que ten máis valoracións negativas de todas as incluídas na enquisa. Un 2,36 % indica nas súas respostas que a formación non cumpriu coas súas expectativas iniciais e un 6,25 % que non o fixo de forma satisfactoria. Isto fainos pensar en que debemos traballar para mellorar a información das accións formativas para evitar posibles distorsións e tamén en indagar máis nestes aspectos para poder ter unha información máis precisa que nos permita abordar esta cuestión en futuras edicións.

Aínda así, a valoración é moi positiva e máis da metade das persoas, o 52,64 %, sinalan que os cursos cumpriron «moi ben» as súas expectativas e un 38,75 % «ben». Por tanto, ao igual que no resto de aspectos do Itinerario, hai un amplísimo consenso en avaliar moi positivamente esta acción formativa.

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi

a. Valoración da estrutura do MOOC

Moi ben	427	59,31 %
Ben	264	36,67 %
Regular	17	2,36 %
Mal	9	1,25 %
Moi mal	3	0,42 %

O 59,31 % das respostas cualifican a estrutura coa puntuación máis alta.

Entendemos que tras a pandemia os hábitos mudaron e as formas de aprendizaxe online e asíncronas son agora moi apreciadas polas persoas participantes xa que permiten realizar a formación de maneira flexible.

Nas valoracións cualitativas tamén recolleamos respostas abertas que nos achegan fórmulas para mellorar o dinamismo e a organización dos cursos que trataremos, na medida do posible, de incorporar ás novas propostas.

b. Valoración da Plataforma Moovi

Moi ben	447	62,08 %
Ben	262	36,39 %
Regular	8	1,11 %
Mal	1	0,14 %
Moi mal	0	0,28 %

Desde a sexta edición o Itinerario desenvólvese na plataforma Moovi polo que unha das preguntas que recollemos nos cuestionarios é a súa valoración.

As respostas son moi favorables ao uso desta plataforma e ningunha persoa as sinala coa puntuación máis baixa. Con todo, ao igual que no resto de ítems, teremos en conta as respostas menos favorables para seguir tratando de mellorar o Itinerario Formativo Virtual en Xénero.

5. Cualificación xeral do itinerario

Moi ben	413	57,36 %
Ben	263	36,53 %
Regular	35	4,86 %
Mal	6	0,83 %
Moi mal	3	0,42 %

Coa información anterior e os datos desta última cuestión, a cualificación xeral do Itinerario, podemos afirmar de xeito contundente a ampla e positiva consideración e receptividade desta acción. O Itinerario Formativo Virtual en Xénero está xa consolidado como unha oferta formativa especializada, de calidade, ampla, diversa e de interese.

Un amplo 93,89 % de respostas sinalan a cualificación xeral do Itinerario como «moi ben» ou «ben», sendo de novo a resposta maioritaria a cualificación máis alta cun 57,36% do total.

6. Conclusións finais e respostas abertas

Desde a Unidade de Igualdade, como responsables desta actividade, facemos un balance positivo. Destacamos que aínda que o número de inscricións diminuíu en 55 solicitudes pese a aumentar o número de prazas con respecto á edición anterior, o número de cursos rematados con éxito aumentou en 47.

	Matriculacións	Cursos rematados con éxito	%
7ª edición	1.845	1.354	73,39%
6ª edición	1.900	1.307	68,79%

De xeito informal, sabemos que son moitas as persoas que están a completar diferentes cursos ao longo das distintas edicións e mesmo hai quen nos indica a súa vontade de completar toda a oferta formativa. Nalgúns casos xa completaron a oferta de cursos actual do itinerario.

Tamén debemos sinalar o alto interese desta acción formativa que suple unha carencia formativa e así o demostran as solicitudes de exalumnado da UVigo e tamén de persoas alleas á comunidade universitaria para poder acceder e para consultar a posibilidade dunha futura edición en aberto.

Aínda así, para mellorar, tamén temos a responsabilidade de recoller e atender as valoracións menos favorables e valorar como incorporar as achegas e suxestións que nos presentan as persoas participantes.

Mantivemos a posibilidade de comunicar as incidencias técnicas a través dunha caixa de correo directa co equipo do Itinerario Formativo Virtual en Xénero e todas as consultas foron atendidas de forma prioritaria e, cando foi preciso, remitidas ao soporte técnico. Tamén se atenderon consultas por outras canles como a Unidade de Igualdade, as redes sociais ou mesmo outros servizos ou centros colaboradores da UVigo.

Nas respostas abertas atopamos comentarios sobre os cursos concretos, sobre o Itinerario en xeral e o seu interese e necesidade para completar a formación académica e habilitarse profesionalmente de forma máis completa. Tamén atopamos referencias a docentes, valorando a súa forma de abordar o curso. É habitual, entre os comentarios escritos que se solicite maior profundidade nos temas tratados e continuación dos cursos.

Principalmente: contidos novidosos, explicación das temáticas concisa, clara, fundamentada e sinxela de assimilar, exemplos concretos moi ilustrativos, entre outros.

Pertinencia das temáticas, claridade conceptual, explicacións breves, concisas e certeiras e, en xeral, un sistema lixeiro que permite aprender sen dificultades.

Un curso adecuadamente introductorio á temática e con niveis de profundidade adecuados. Da en liñas xerais coñecementos sobre o tema.

Resulta moi sinxelo poder facer a formación desde unha aplicación para o teléfono móbil a parte de usar o ordenador..

O material páreceme realmente interesante e sinxelo de entender para adentrarte no concepto de educación afectivo-sexual e feminismo

Tema interesante sobre o papel das mulleres na ciencia. Dar a coñecer a mulleres maravillosas. Coñecer que a ciencia tamén é de e para mulleres.

Os contidos teóricos presentados pola doutora Mónica Alario son brillantes e sumamente importantes para entender ás implicacións da pornografía na política sexual e na formación e construción do desexo sexual. Considero que os contidos son moi esclarecedores, directos e concisos polo que axudan a entender e a conceptualizar tódolos puntos relevantes.

Encantoume! Sen dúbida o mellor curso de todo este itinerario de xénero. Por fin uns contidos actualizados, debates actuais que é necesario abordar. Encantoume a forma de explicar, de facer sinxelas cousas moi complexas. De romper coa idea de sexo/xénero de todos os obradoiros de coeducación que fixen. Moitas grazas!!

A claridade, o dinamismo e a exemplificación dos contidos expostos a través de diversos recursos. A cercanía que amosan as poñentes..

Tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan algún dos cursos do Itinerario poidan facer achegas sobre temas que lles parezan de interese para incorporar en novas accións formativas.

- Análise da nova lei aprobada de liberdade sexual.
- Violencia de xénero, abuso sexual.
- Juana Gallego é unha gran docente á que deberíades incluír nas formación.
- Adicións sen sustancia, violencia nas redes, amor romántico,...
- Penso que sería oportuno ofertar algún curso con máis material e máis horas.
- Algún curso sobre a educación na infancia (0-3 anos)
- Educación afectivo- sexual aplicada en infancia e xuventude.
- Sobre o proceso de denuncia en caso de violencia de xénero. Como actuar, a quen acudir, o aspecto xurídico ao que se enfrenta a vítima...
- A intersexualidade entendida como contínuo dos sexos; ser seres sexuados.
- Paréceme interesante a perspectiva do ecofeminismo, por exemplo con Amaia Pérez Orozco.
- Desigualdades no acceso ao emprego.

- Lesbianismo, maternidade imposta, identidades bolleras, rural vs cidade, homofobia, sexualidade na vellez, asistencia sexual, poliamor e novos modelos de relacións...
- Me gustaría un curso sobre teoría queer.
- Perspectiva de xénero no ámbito xurídico.
- Igualdade e publicidade; igualdade no cine; corresponsabilidade; Violencia de xénero; igualdade e discapacidades.
- O papel da muller na medicina
- Carmen Quinteiro, docente de matemáticas en UVigo.
- Sobre análise concreta das diferentes leis de igualdade.
- Análise e metodoloxía para a creación de indicadores transversais ao xénero.
- Adquirir destrezas para resolucións de conflitos de xénero así como identificalos nun curso con contido práctico paréceme interesante.
- Novas formas de vincularse: poliamor, relacións abertas, monogamia... Tamén falar da maternidade imposta. Estaría ben tratar a comunicación non violenta.
- Sería moi positivo na miña opinión un curso de igualdade destinado só a homes, coa finalidade de espertar a conciencia autocrítica enfocada a detectar neles os aspectos resultantes dunha educación patriarcal e ademais gustaríame seguir formándome para poder participar como docente
- Como intervenir con adolescentes en novas masculinidades; Miquel Far Ferrer
- Proponho a Amelia Tiganus, voz imprescindible e sumamente necesaria na temática da violencia sexual no noso país.
- A relación entre a pornografía e a prostitución (porque os «puteros» realizan determinadas «fantasías sexuais» contra as mulleres en clubs de alterne, pero non comunican ás súas esposas esas «fantasías sexuais»)
- Gustaríame que se falase tamén do poder masculino noutros ámbitos.
- Gustaríame aprender contidos sobre agresores na violencia de xénero.
- Me gustaría Prostitución en un temario máis amplo que incluíra trata de personas de forma exclusiva.

- Afondar na orixe do patriarcado: estudos da prehistoria, a arte, a política tribal etc
- A mitoloxía galega.
- Un curso enteiro de María Álvarez Lires e con moita máis duración.
- Intervención con adolescentes en casos de violencia de xénero.
- Temas relacionados coa educación infantil.

